

PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA REALIZAR ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS NON UNIVERSITARIOS NO CURSO 2018-2019

NA CORUÑA: **I.E.S. "UNIVERSIDADE LABORAL" (Culleredo) Centro Residencial Docente**

REQUISITOS:

- Estar matriculada en estudos postobrigatorios non universitarios nalgún dos centros docentes públicos ou privados concertados situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.
- Non repetir curso. Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e do informe da inspección educativa.
- Non ter sido expulsada no curso anterior dun centro residencial nin estar sometida a un procedemento disciplinario en trámite.
- A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:
 - Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
 - E tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.
 - Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e dos informes que se consideren oportunos.
- As solicitudes valoraranse conforme criterios socioeconómicos e de rendemento académico. Os criterios socioeconómicos abranguen: composición da unidade familiar, orfandade ou calquera outra situación familiar especial; número de habitantes do lugar de residencia da unidade familiar e renda da unidade familiar.

CONTÍAS: Adxudicación dunha praza gratuíta ou bonificada.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. Para o alumnado matriculado en bacharelato, **ata o 13 de xullo de 2018** (este incluído).
2. Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, **ata o 8 de agosto de 2018** (este incluído).

As solicitudes deberán presentarse en soporte papel, preferentemente no centro residencial docente ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

* **Prazo extraordinario:** no caso de prazas vacantes, do 17 ao 28 de setembro de 2018

CRD da Coruña: **I.E.S. UNIVERSIDADE LABORAL**

Rúa Salvador Allende, nº 13

15174 Culleredo (A Coruña)

Teléfono: 981 667 836

credo.coruna@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/credocoruna/>

CRD de Ourense: Avenida da Universidade 18, Ourense. Teléfono 988 602 165

CRD de Vigo: Estrada de Madrid 192, Vigo. Teléfono 986 262 500

www.edu.xunta.es

PUBLICACION: [DOG 08/06/2018](#)

Sede electrónica: [procedemento ED306A](#)